



# PLAN DIXITAL

## IES Montecelo

Xuño 2022

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- Datos básicos do centro
- Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- Breve xustificación do mesmo
- Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- Fontes empregadas para a análise DAFO
- Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- Obxectivos, indicadores e accións
- Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- Seguimento do Plan de Acción
- Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

IES Montecelo

Avda. Montecelo, 16

36161 Pontevedra

ies.montecelo@edu.xunta.gal

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecelo/>

Oferta educativa conformada polos seguintes ciclos formativos de grao básico, medio e superior:

- CB Agroxardinería e composicións florais
- CB Artes gráficas
- CB Mantemento de vehículos
- CB Peiteado e estética
- CM Farmacia e parafarmacia
- CM Impresión gráfica
- CM Preimpresión dixital
- CS Anatomía patolóxica e citodiagnóstico
- CS Deseño e xestión da produción gráfica

Nº alumnado: 338 persoas

Nº profesorado: 41 persoas

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES Montecelo é un centro educativo de titularidade pública, situado no lugar de Montecelo, dentro da parroquia pontevedresa de Mourente, que leva impartindo formación profesional dende hai máis de 30 anos a alumnado de Pontevedra e de toda a súa comarca.

Como se pode observar na oferta educativa, no centro están autorizados Ciclos Formativos de Formación Profesional de Grao Medio e de Grao Superior e Formación Profesional Básica, polo cal atopamos gran heteroxeneidade de intereses. Así, nos ensinos non obrigatorios, aínda que o nivel de rendemento e motivación é ben distinto dependendo de se son de Grao Medio ou de Grao Superior, a nivel de convivencia non adoita haber grandes diferenzas nin grandes

problemas. Existe bastante diversidade en canto á idade (cada vez evidénciase máis a presenza de alumnado adulto), motivación e poboación de procedencia, aínda que o alumnado predominante ten entre 18 e 22 anos e reside na comarca de Pontevedra.

En canto á FP Básica o alumnado pode englobarse nalgunha das seguintes características: alumnado que non acadou os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria (cerca da metade con 15 anos), alumnado con necesidades educativas especiais, internos na Cidade Infantil ou de procedencia estranxeira e proceden de diversos centros educativos, normalmente da provincia de Pontevedra.

Entre os principios do centro destacados no Proxecto Educativo, o Plan Dixital vai contribuir a acadar infraestruturas ben dotadas e tecnoloxías modernas acordes ó sector produtivo, que permitirán formar persoas para un mundo globalizado e cambiante, así como favorecer a integración dos colectivos máis desfavorecidos.

O IES Montecelo na procura de buscar asociacións multilaterais con centros da UE que permitan intercambiar experiencias, aprender linguas estranxeiras e coñecer outros sistemas educativos, dispón desde 2014 a acreditación de Carta Erasmus, documento que permitiu solicitar a inclusión do instituto en programas europeos polos que o alumnado e persoal poden realizar mobilidades e prácticas en empresas da UE.

Así mesmo, o centro solicitou no 2021 a súa incorporación a FPempresa (Rede de centros e empresas relacionadas coa FP a nivel estatal), e anualmente busca alianzas con centros con intereses comúns para ser partícipe de todas aquelas iniciativas que redundan nun beneficio para os intereses do alumnado. Destacar tamén os continuos proxectos de colaboración con entidades sen ánimo de lucro como Amencer-ASPACE ou Xuntos Pontevedra.

Neste curso solicitouse o programa de innovación educativa Polos Creativos, con fin de crear zonas dotadas dixital e tecnoloxicamente para a realización de proxectos colaborativos que permitan contribuir a unha formación integral do noso alumnado. No caso de ser aceptada a participación do centro, o desenvolvemento do mesmo estaría totalmente asociado ao do Plan Dixital, compartindo incluso á persoa coordinadora.

O Plan Dixital vai contribuir á consecución de varios obxectivos da Programación Xeral Anual como son: a mellora da xestión, a integración plena da comunidade educativa, educación 3.0, mellora de atención ás familias, formar persoas para un mercado laboral globalizado e competitivo e mellora das instalacións.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, dispoñendo que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas. Por outra banda, o artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021/22 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

A Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, establece as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, en base aos seguintes principios e obxectivos:

## 1. Principios.

- a) Resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de información e comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.
- b) Enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.
- c) Transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

## 2. Obxectivos:

- a) Facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimizar a xestión dos recursos humanos e materiais do centro.
- b) Promover o uso das ferramentas de avaliación e diagnose dos centros educativos respecto á competencia dixital.
- c) Mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa . para transformar os centros en organizacións educativas dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación.
- d) Definir o equipo responsable de dinamización do Plan Dixital e a súas funcións.

Na Resolución tamén se indica que o referente de cara a elaboración do Plan Dixital será o Marco Europeo de Organizacións Dixitalmente Competentes (DigCompOrg), que dispón que a transformación dixital dos centros educativos atenderá ás tres dimensións (pedagóxica, tecnolóxica e organizativa) e propón unha análise do centro baseado en sete elementos: Infraestrutura, Liderado e Gobernanza, Ensino e Aprendizaxe, Desenvolvemento Profesional, Avaliación, Contidos e Currículo, así como Redes de Apoio e Colaboración.

### 1.4. Proceso de elaboración

Unha vez constituido o Equipo de Dinamización do Plan Dixital en setembro de 2021 e durante o primeiro trimestre realizáronse as primeiras tarefas de análise da situación do centro en relación coa competencia dixital mediante as seguintes ferramentas:

-Informe SELFIE: unha vez completado e preparado o correspondente cuestionario na plataforma de autoavaliación SELFIE, procedeuse a informar ao alumnado e ao profesorado da necesidade de contestar ás preguntas no prazo establecido mediante correo electrónico e de forma persoal, ademais de facilitarse un espazo na aula virtual para o acceso directo ao cuestionario.

-Test de Competencia Dixital Docente (TCDD): mediante correo electrónico notificáronse ao profesorado as instrucións necesarias para cumplimentar o cuestionario na aplicación Fprofe e promoveuse a participación indicando que a súa consecución permitiría obter un informe individual coa valoración global do nivel competencial (A1-C2) e un feedback personalizado.

Tendo en conta o informe SELFIE, o informe global do centro xerado a partir dos resultados individuais no TCDD e o coñecemento da situación do instituto nos últimos cursos, o equipo de dinamización do Plan Dixital elaborou unha análise diagnóstica da competencia dixital mediante un informe DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades), detallando as seguintes categorías:

-Internas: infraestrutura-equipamento, persoal docente, persoal non docente, alumnado, familias, oferta e organización de centro.

-Externas: administración educativa, lexislación, ANPA, contorna e outras entidades.

Unha vez elaborado o DAFO compartiuse a través da aula virtual, abríndose un período para a aportación de ideas por parte de todo o profesorado mediante a actividade Board de Moodle, desta maneira o equipo de dinamización do Plan Dixital puido elaborar as táboas de obxectivos e accións a partir das necesidades detectadas polo conxunto da comunidade educativa, e finalmente configurouse o plan de acción para os próximos cursos mediante ferramentas de traballo colaborativo en rede.

Finalmente procedeuse a englobar todos os obxectivos e accións proxectadas, dentro dun único documento para conformar, xunto coa análise diagnóstica e o listado de necesidades, o Plan Dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### ■ Infraestrutura dixital:

-Datos (conectividade a internet): Conexión por fibra con ancho de banda de 200 Mb e conexión sen fíos dispoñible para todo o alumnado e persoal do centro.

-Voz (telefonía): rede telefónica a través de IP non dependente da rede da Consellería, está solicitada a inclusión do teléfono á rede corporativa desde hai un ano e sen resposta por parte da administración.

-Conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede: están conectadas por cable 16 aulas e mediante rede sen fíos outras 7. Compre subliñar os continuos problemas de acceso a rede sen fíos en numerosas ocasións debido o déficit de puntos de acceso e/ou a falta de cobertura polos mesmos. Subliñar que o servidor RACK principal do centro é completamente insuficiente para o número de conexións necesarias, está solicitado o cambio por un de maior capacidade desde hai dous anos á UAC con número de incidencia 749827 (foi reclamada en varias ocasións, a última o 2 de maio de 2022).

■ Equipamento:

Aulas dixitalizadas					
Tipo	EDI	Proxector	Equipos informáticos (antigüidade)		
			>10 anos	5-10 anos	<5 anos
Comúns	4	4	4		
Aula 1		1		23	
Aula 2		1	14		
Aula 3		1		1	
Farmacia		1			10
Anatomía		1			2
Preimpresión 1		1	23		
Preimpresión 2		1		23	
Preimpresión 3		1		25	
Preimpresión 4		1			23
Postimpresión 1		1	1		
Peiteado			1		
Estética			1		
Periféricos		1	5		



Laboratorio		1	23		23
Talleres automoción		1		2	
<b>Total</b>			<b>72</b>	<b>74</b>	<b>58</b>

<b>Aulas multimedia</b>			
Tipo	Equipos informáticos (antigüidade)		
	>10 anos	5-10 anos	<5 anos
Multimedia 1		24	1
Multimedia 2		21	
Multimedia móvil Ultraportátiles ACER			23
<b>Total</b>		<b>45</b>	<b>24</b>

<b>Postos de traballo de xestión e administración do centro</b>			
Tipo	Equipos informáticos (antigüidade)		
	>10 anos	5-10 anos	<5 anos
Conserxería	1		
Oficina	1		
Secretaría		1	
Xefatura		1	
Dirección			1
Orientación		1	
<b>Total</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>1</b>

<b>Biblioteca</b>				
Tipo	Proxector	Equipos informáticos (antigüidade)		
		>10 anos	5-10 anos	<5 anos
Xestión	1		1	
Usuarios		8		
<b>Total</b>		<b>8</b>	<b>1</b>	<b>0</b>

<b>Sala profesorado e departamentos</b>			
Tipo	Equipos informáticos (antigüidade)		
	>10 anos	5-10 anos	<5 anos
Sala profesorado	7		
Departamento módulos comúns	6		
Departamento Sanidade		2	
Departamento Artes gráficas		1	
Departamento Mantemento Vehículos	1		
<b>Total</b>	<b>14</b>	<b>3</b>	<b>0</b>

<b>Aulas multimedia</b>			
Tipo	Equipos informáticos (antigüidade)		
	>10 anos	5-10 anos	<5 anos
Multimedia 1		24	1
Multimedia 2		21	
Multimedia móbil Ultraportátiles ACER			23
<b>Total</b>	<b>0</b>	<b>45</b>	<b>24</b>

#### ■ Servicios dixitais educativos:

Nestes momentos todo o profesorado ten creados os cursos correspondentes as súas materias na aula virtual do centro e o alumnado está matriculado e accede con bastante asiduidade ós seus respectivos cursos.

O correo electrónico corporativo está consolidado como vía oficial de comunicación co profesorado.

A páxina web emprégase como foco de difusión de informacións e actividades que se están a desenvolver en cada momento.

O servizo abalarMóbil está sendo utilizado para a comunicación coas familias, aínda que se podería optimizar o seu uso para un maior seguemento das titorías e de cada materia.

A plataforma Agueiro apenas se está utilizando nestes momentos aínda que algún profesor valora impulsar o seu uso para facilitar o traballo colaborativo entre o alumnado e a comunicación entre os diferentes grupos.

#### ■ Xestión do mantemento do equipamento do centro:

O mantemento e o seguemento das incidencias no equipamento informático do centro vense realizando pola secretaria e pola coordinadora, encargadas de transmitir á UAC ou a unha empresa externa as averías según corresponda.

#### ■ Enlaces a protocolos relacionados coas TIC:

Actualmente non está en funcionamento ningún protocolo relacionado cos dispositivos TIC, aínda que si forma parte dos obxectivos deste plan a súa elaboración e posta en marcha.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Na seguinte táboa pódese consultar o resumo dos resultados, clasificados por áreas e por colectivos, obtidos no cuestionario SELFIE realizado polo alumnado, profesorado e familias nos meses de novembro e decembro de 2021:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		FP
A -Liderado	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.1
	Profesorado	2.8
	Alumnado	2.7
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	3.5
	Alumnado	3.2
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.1
	Profesorado	3.3
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3.9
	Alumnado	3.8
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.2
	Profesorado	3.2
	Alumnado	3.5
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.9
	Profesorado	2.8
	Alumnado	3.1
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.1
	Profesorado	3.1
	Alumnado	3.1

Nas seguintes táboas pódese consultar un resumo dos resultados do informe grupal do Test de Competencia Dixital Docente, cuberto polo profesorado do centro no mes de febreiro de 2022:

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	18	24	75 %
<b>PROVISIONAL</b>	10	11	90,9 %
<b>INTERINO</b>	7	7	100 %
<b>SUBSTITUTO</b>	3	7	42,9 %

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
77,2	Integradora (B1)	76,4	Integradora (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>F.P</b>	77,6	Integradora (B1)	80,3	Integradora (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	2,6 %
A2	12	31,6 %
B1	15	39,5 %
B2	9	23,7 %
C2	1	2,6 %
<b>TOTAL</b>	<b>38</b>	<b>100%</b>

Para a elaboración do DAFO tamén se tiveron en conta os datos recollidos ao longo dos últimos cursos e en especial nestes anos de pandemia, así como o profundo coñecemento do centro por parte da dirección, destacar que o equipo directivo está a impulsar unha profunda mellora do equipamento e formaron parte de cada unha das fases de elaboración deste Plan Dixital.

### 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Todas as aulas dispoñen de, alomenos un ordenador con conexión a internet e proxector.</li> <li>-As aulas polivalentes dispoñen de monitor interactivo.</li> <li>-Disponse de dúas aulas multimedia.</li> <li>-Aulas en rede para o alumnado e profesorado do mesmo departamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Rede interna de datos escasa, anticuada e caótica.</li> <li>-Algún equipos requiren actualización.</li> </ul>
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Existencia dun grupo de profesorado experto en TIC.</li> <li>-A maior parte do profesorado traballa habitualmente coas TIC na aula.</li> <li>-Recursos dixitais a disposición de todo o Claustro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Deficiencias na aplicación do sistema de protección de datos.</li> <li>-Carencias no emprego de recursos dixitais para proporcionar feedback ao alumnado.</li> <li>-Pouca utilización de tecnoloxías dixitais na coavaliación entre o alumnado.</li> <li>-Pouco traballo colaborativo coas TICs.</li> </ul>
	PERSOAL NON DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Recursos dixitais a disposición de todo o persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Deficiencias na aplicación do sistema de protección de datos.</li> </ul>
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alumnado de ciclos medios e superiores cun alto grao de responsabilidade no uso da aula virtual e outras ferramentas TIC.</li> <li>-Acceso a tecnoloxías asistenciais para neae.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alumnado de FP Básica con escaso grao de responsabilidade no uso da aula virtual e demais ferramentas TIC.</li> <li>-Falta de información a cerca dos recursos informáticos que dispón o centro para empréstimo.</li> <li>-Baixa autonomía na resolución de</li> </ul>

			pequenos problemas técnicos.
	<b>FAMILIAS</b>		-Escasa colaboración debido, por un lado a elevada porcentaxe de alumnado maior de idade e por outro de familias con poucos recursos ou escaso interese. -Falta de información a cerca dos recursos informáticos que dispón o centro para empréstimo.
	<b>OFERTA</b>		-Non se inclúen nas programacións didácticas actividades de ensino-aprendizaxe referidas á resolución de pequenos problemas técnicos.
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	-Servidor interno para o profesorado. -Protocolo de emprego das aulas multimedia. -Experiencia en formación interna TIC.	-Deficiencias na comunicación de incidencias ou fallos informáticos e nos equipos.

<b>EXTERNOS</b>		<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	-Posibilidade de acceder a formación flexible e adaptada ás necesidades do centro.	-Demora na actuación da UAC na demanda de melloras na infraestrutura da rede interna. -As necesidades de equipamento informático superan as posibilidades de compra permitidas. -Dotación insuficiente de dispositivos dixitais para o persoal. -Ferramentas colaborativas corporativas pouco desenvoltas.
	<b>LEXISLACIÓN</b>	-Necesidade de revisión e actualización do Plan Dixital cada curso.	-Limitacións para a adquisición de equipamento inventariable.
	<b>CONTORNA</b>	-Dispor de conexión por fibra de alta velocidade.	
	<b>ANPA</b>		
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	-Colaboración con empresas dos sectores profesionais a través de cesións ou accesos a software necesario para a formación do alumnado.	-Algunhas empresas non participan nas estratexias dixitais do centro.

### 3. Plan de Acción

Tendo en conta a análise diagnóstica realizada no DAFO, os recursos materiais e humanos cos que contamos nestes momentos e as prioridades suxeridas polo profesorado, o equipo de dinamización do Plan Dixital elaborou o seguinte plan de acción.

Destacar que no deseño dos obxectivos buscouse en todo momento que satisfixeran as seguintes características:

- Específicos. Polo que son o máis concretos posible de forma que calquera membro da comunidade educativa comprenda exactamente que se pretende facer e como.
- Medibles. De forma que a meta sexa cuantificable e poidamos saber cando foi acadado.
- Alcanzables. Ten que ser posible acadar o resultado planificado cos medios e persoal co que contamos.
- Relevantes. Deben supoñer un beneficio importante para a organización educativa.
- Definidos no tempo. De maneira que poidamos identificar as distintas etapas e actuacións que permitirán acadalos.

Así mesmo os obxectivos están contextualizados nas áreas de mellora do Marco Europeo de Organizacións Dixitalmente Competentes e atenden ás tres dimensións: pedagóxica, tecnolóxica e organizativa.

A partir da selección de obxectivos comezou o proceso de descrición das accións concretas e necesarias para desenvolver as metas, determinar os responsables, establecer as datas de realización e os recursos necesarios en cada caso. Por último e co fin de poder valorar a consecución do plan durante o seu desenvolvemento engádense apartados para determinar o estado de cada acción así como unha valoración do seu logro.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Nas seguintes táboas refléxanse os obxectivos para o próximo curso contextualizados nas áreas de mellora do marco DigCompOrg, así como os indicadores, os valores de partida, os valores de chegada e a correspondente temporalización. Cada obxectivo queda desenvolvido nunha táboa na que se describen as accións para conseguilo, xunto cos responsables das mesmas, a distribución no tempo e os recursos materiais e humanos necesarios para a súa consecución.

Área de mellora: Infraestrutura dixital						
<b>1. OBXECTIVO:</b>	Implementar un protocolo de incidencias para a comunicación e resolución de problemas técnicos nos equipos informáticos.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Secretaria e coordinador/a TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de incidencias rexistradas no formulario.					
<b>Valor de partida</b>	Ningunha incidencia rexistrada a través do protocolo (0%).					
<b>Valor previsto e data</b>	O 90% das incidencias foron rexistradas a través do protocolo.			30/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A1.1: Crear un protocolo de comunicación de incidencias.	Secretaria e coordinador/a TIC	30/09/22	Ferramenta informática para o protocolo, equipo informático e tempo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A1.2: Difundir o protocolo entre o persoal do centro.	Secretaria e coordinador/a TIC	10/10/22	Xornada formativa, equipo informático e aula virtual.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A1.3: Empregar o protocolo para a xestión das incidencias.	Secretaria e coordinador/a TIC	22/06/23	Aula virtual e equipo informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A1.4: Determinar a eficacia do protocolo.	Secretaria e coordinador/a TIC	30/06/23	Empresa de mantemento informático e tempo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



Área de mellora: Prácticas de ensino-aprendizaxe e prácticas de avaliación						
<b>2. OBXECTIVO:</b>	Incorporar á práctica da aula recursos dixitais que permitan maior interacción e o traballo colaborativo entre o alumnado e coas familias.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefe de estudos				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de profesorado que emprega recursos dixitais que permiten a interacción e o traballo colaborativo.					
<b>Valor de partida</b>	Apenas un 2% do profesorado emprega recursos dixitais que favorezan a interacción e o traballo colaborativo.					
<b>Valor previsto e data</b>	O 50% do profesorado emprega na aula algún recurso dixital para o traballo colaborativo e a interacción co alumnado e as familias.			30/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A2.1: Detectar as necesidades formativas do profesorado neste ámbito.</b>	Dirección	30/09/22	Cuestionario de necesidades.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A2.2: Diseñar unha liña do PFPP relacionada cos recursos dixitais.</b>	Equipo de formación.	30/10/22	Fprofe, informe de necesidades, reunión coordinación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A2.3: Desenvolver as actividades do PFPP.</b>	Equipo de formación.	30/05/23	Fprofe, relatores/as, orzamento para material, calendario.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A2.4: Coñecer as posibilidades de interacción coas familias a través de AbalarPro.</b>	Equipo de formación.	22/12/22	AbalarPro, relator, tempo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A2.5: Implementar na aula os recursos dixitais creados.</b>	Xefe de estudos	30/06/23	Equipos informáticos, calendario.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: Prácticas de ensino-aprendizaxe e prácticas de avaliación						
<b>3.OBXECTIVO:</b>	Mellorar a autonomía e a responsabilidade no emprego da aula virtual e do equipamento informático por parte do alumnado.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador/a TIC.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de incidencias relacionadas co emprego da aula virtual e do equipamento informático.					
<b>Valor de partida</b>	Unhas cen incidencias debidas a un uso irresponsable do equipamento e/ou da aula virtual.					
<b>Valor previsto e data</b>	O número de incidencias debidas a un uso irresponsable do equipamento e/ou da aula virtual redúcense nun 50%.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A3.1: Detectar as dificultades atopadas polo alumnado no curso 21/22.</b>	Dirección.	30/09/22	Cuestionario de dificultades.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A3.2: Elaborar infografías e vídeos informativos.</b>	Coordinador/a TIC.	15/10/22	Equipamento informático, persoal e coordinación de horarios.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A3.3: Difundir o material elaborado entre o profesorado.</b>	Dirección.	30/10/22	Correo electrónico, salón de actos, equipamento informático e tempos.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A3.4: Presentar ao alumnado os materiais elaborados.</b>	Coordinador/a TIC.	22/12/22	Equipos informáticos, calendario.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

**Área de mellora: Prácticas de liderado e goberno**

<b>4.OBXECTIVO:</b>	Aumentar a autonomía do profesorado na resolución de pequenos problemas técnicos	<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TIC.	<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de incidencias relacionadas con problemas técnicos sinxelos.		
<b>Valor de partida</b>	Máis de 50 problemas técnicos de solución inmediata.		
<b>Valor previsto e data</b>	Redúcense a 10 o número de incidencias derivadas de problemas técnicos de solución inmediata.	30/06/23	

**ACCÍONS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A4.1: Detectar os problemas técnicos más habituais e necesidades.</b>	Secretaría.	30/09/22	Cuestionario de problemas técnicos.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A4.2: Elaborar infografías informativas.</b>	Coordinador/a TIC.	15/10/22	Equipamento informático, persoal e coordinación de horarios.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A4.3: Difundir o material elaborado entre o profesorado.</b>	Dirección.	30/10/22	Correo electrónico, xornadas formativas, equipamento informático e tempos.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

Área de mellora: Infraestrutura dixital						
<b>5.OBXECTIVO:</b>	Modernizar o equipamento informático do centro.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de equipos informáticos actualizados no centro.					
<b>Valor de partida</b>	30% de equipos do centro son recentes.					
<b>Valor previsto e data</b>	90% de equipos do centro recentes.			30/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A5.1: Elaborar o inventario de equipamento informático actual coas súas prestacións.</b>	Secretaría.	01/09/22	Tempo, lista de cotexo e folla de cálculo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A5.2: Establecer as necesidades prioritarias de modernización.</b>	Dirección.	30/09/22	Tempo, folla de cálculo e coordinación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A5.3: Adquirir o equipamento.</b>	Consellería de Cultura, Educación e Universidade.	30/12/22	Orzamentos, recursos económicos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A5.4: Instalar e por en marcha o novo equipamento.</b>	Consellería de Cultura, Educación e Universidade.	30/06/23	Tempo, equipamento, empresa de mantemento informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Área de mellora: Infraestrutura dixital

<b>6.OBXECTIVO:</b>	Dispoñer de equipos informáticos co mesmo sistema operativo e configuración.		<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinadora TIC e Secretaria		<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de equipos do centro que teñen o mesmo S.O. e configuración de inicio			
<b>Valor de partida</b>	O 50% dos equipos do centro teñen S.O. actualizado e similar configuración de acceso.			
<b>Valor previsto e data</b>	O 90% dos equipos do centro teñen S.O.actualizado e similar configuración de acceso.	10/01/23		

### ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A6.1: Detectar os equipos que deben ser actualizados</b>	Secretaria	30/10/22	Listaxe de equipos informáticos do centro e horario dispoñible do persoal para esta tarefa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A6.2: Establecer a configuración de inicio nos equipos do centro e software a instalar</b>	Coordinador/a TIC e Secretaria	30/10/22	Equipos informáticos do centro, software necesario para instalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A6.3: Actualizar o S.O. e instalación de software</b>	Empresa de mantemento informático	10/01/23	Equipos informáticos do centro, software necesario para instalar, hardware necesario para actualizar os equipos. Orzamento necesario		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: Colaboración e networking						
<b>7. OBXECTIVO:</b>	Informar dos recursos dixitais do centro dispoñibles para empréstimo				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Director				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de alumnado do centro que coñece os recursos dixitais dispoñibles en empréstimo e o procedemento de solicitude					
<b>Valor de partida</b>	O 5% do alumnado coñece os recursos dispoñibles en empréstimo.					
<b>Valor previsto e data</b>	O 80% do alumnado coñece os recursos dispoñibles para empréstimo.				31/10/22	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A7.1: Inventariar os equipos dixitais do centro para empréstimo	Secretaria.	15/09/2022	Equipos dixitais, software para inventariar.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A7.2: Elaborar unha guía co procedemento de solicitude de recursos en empréstimo	Director	30/09/2022	Software de elaboración de documentos de texto.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A7.3: Elaborar un documento de rexistro de solicitudes e rexistro de altas/baixas de empréstimos	Director	30/09/2022	Software de elaboración de documentos de texto.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A7.4: Difundir a relación de equipos e o procedemento de solicitude e rexistro de altas/baixas de empréstimos.	Director	31/10/2022	Software de elaboración de documentos de texto.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: Infraestrutura dixital						
<b>8. OBXECTIVO:</b>	Mellorar a infraestrutura da rede interna de Internet.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Secretaria.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de incidencias relacionadas coa conectividade no centro.					
<b>Valor de partida</b>	Semanalmente se recollen múltiples incidencias relacionadas coa conectividade no centro.					
<b>Valor previsto e data</b>	Unha incidencia ao mes relacionada coa conectividade no centro.		01/09/23			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A8.1: Recoller todas as incidencias relacionadas coa conectividade semanalmente.</b>	Secretaria.	30/12/22	Arquivo recollida incidencias, recursos humanos, equipo informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A8.2: Enviar semanalmente á UAC as incidencias recollidas e demandar asistencia.</b>	Director.	30/12/22	Correo electrónico, tempo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A8.3: Realizar as modificacións necesarias na infraestrutura da rede interna.</b>	Consellería de Cultura, Educación e Universidade.	01/09/23	Equipamento de rede, canleado, recursos humanos e tempo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A partires de todo o analizado anteriormente, destacamos as seguintes necesidades clasificadas por categorías e establecendo para cada unha delas a finalidade da súa petición.

- **Infraestrutura dixital:**

NECESIDADES	FINALIDADE	ESTADO
1. Inclusión da rede de telefonía á rede corporativa	Dispoñer dun sistema estable e seguro que permita a comunicación rápida coas familias e facilitar a interacción directa con outras entidades.	-Solicitud tramitada ao servizo correspondente no curso 2020-2021, sen resposta.
2. Aumento de puntos da rede sen fíos.	Reducir o número de incidencias e as continuas desconexións que se producen nas aulas non cableadas.	-Solicitud á UAC en 2022 con número de incidencia 940128.
3. Ampliación do RACK de servidores principais.	Dispoñer dun RACK axeitado ao número de conexións que están funcionando actualmente e de rede estable e sen incidencias en todo o centro.	-Solicitud á UAC en 2020 con número de incidencia 749827 (última reclamación: 2 de maio de 2022).
4. Reestruturación e etiquetado do cableado de rede.	Unha vez ampliado o RACK resultará necesario reorganizar e etiquetar o cableado, para evitar futuras incidencias e poder resolver os problemas que xurdan de maneira eficaz.	-Pendente da ampliación do RACK.

- **Equipamento:**

LOCALIZACIÓN	NECESIDADES	FINALIDADE
--------------	-------------	------------



<b>Aulas dixitalizadas</b>	72 equipos informáticos	Repoñer os equipos de máis de dez anos de antigüidade, para poder desenvolver as materias satisfactoriamente en entornos dixitais.
<b>Xestión e administración</b>	2 equipos informáticos	Renovar os equipos obsoletos con fin de realizar as xestións administrativas en mellores condicións, en consonancia cos procedementos actuais de traballo dixital.
<b>Biblioteca</b>	8 equipos informáticos	Permitir aos usuarios o acceso a fondos dixitais e a conexión a internet apropiada para a realización de traballos de investigación de calidade.
<b>Sala profesorado e departamentos</b>	14 equipos informáticos	Facilitar ao profesorado a realización do seu traballo de xestión de aula, elaboración de materiais e corrección de traballos e exames en entornos dixitais cun equipamento actualizado e adaptado aos requerimentos das plataformas empregadas.
<b>Total</b>	96 equipos informáticos	Modernizar o equipamento informático do centro para desenvolver un ensino de calidade, adaptado ás necesidades.

• **Servizos dixitais educativos:**

- Mellora das ferramentas cooperativas que permitan unha maior interacción nos traballos en equipo e posibiliten a edición en liña de maneira sincronizada.
- Desenvolvemento de recursos dixitais que faciliten a creación e edición de materiais de aula de maneira colaborativa entre o profesorado.

#### 4. Avaliación do plan

De cara a realizar o seguemento e avaliar o desenvolvemento do Plan Dixital compre diferenciar:

-Avaliación procesual, realizarase mensualmente polos responsables de cada unha das accións dos obxectivos indicados no plan, nunha reunión convocada pola persoa coordinadora do PD na que se comprobara o estado de execución de cada unha das tarefas proxectadas e emitirase un informe coa valoración dos resultados, xunto coas posibles modificacións, propostas de mellora e a planificación do mes seguinte.

-Avaliación final, realizarase ao finalizar cada curso escolar analizando o logro dos obxectivos do plan de acción de ese período e recollendo as suxerencias de mellora por parte de toda a comunidade escolar, a partires dos datos recollidos procederase a elaborar o plan de acción do seguinte curso.

#### 5. Difusión do plan

Este Plan Dixital de centro será presentado en Claustro e Consello escolar antes da finalización do presente curso escolar para a súa aprobación, posteriormente poderá ser consultado na páxina web do centro e facilitarase a ligazón ao mesmo a través do correo electrónico para o profesorado e mediante abalarMóbil ás familias.